

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de abril de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde (incorpórase no punto 16).  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e corenta e oito minutos do día dezanove de abril de dous mil seis e baixo a presidencia primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(366).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/1127, 11/1266, 11/1089.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. María Fernández Fernández. Expte. 11/1089.
- D. Miguel Neira González. Expte. 1266/11.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Manso Vázquez. Expte. 23/1127.

**2(367).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE MANTEMENTO E ACTIVIDADES DE PERSOAS MAIORES. EXPTE. 13403/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.06, o informe de fiscalización do 20.03.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 9.03.06, conformado pola xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais e polo xefe de Sector, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Bases que rexerán as subvencións a Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro para programas de mantemento actividades de persoas maiores, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Comprometer o gasto do programa para o exercicio 2006 con cargo á aplicación 3130.4890000 por importe total de 25.000 € (vintecinco mil euros).

*BASES CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE MANTEMENTO E ACTIVIDADES DE PERSOAS MAIORES*

*CONVOCATORIA 2006*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.*

*A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, no seu artigo 21 atribúelle ós Concellos, entre outras, competencias no fomento dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades sen ánimo de lucro.*

*Co obxecto de fomentar a iniciativa de Asociacións no ámbito das persoas maiores, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións conforme ás seguintes Bases no marco xurídico da Lei 38/2003, de 17 de setembro, Xeral de Subvencións.*

*PRIMEIRA.- OBXECTO.*

*É obxecto da presente convocatoria pública a concesión de axudas económicas exclusivamente a Asociacións de maiores ou que contemplan tal actividade entres os seus fins, sen ánimo de lucro, para a realización de programas e actividades de promoción no seu sector, que teñan implantación e desenvolvan as súas actividades en Vigo e que cumpran os requisitos que se indican nas bases para o exercicio de 2006, en réxime de concorrencia competitiva.*

*SEGUNDA.- CONTÍA*

*A contía da presente convocatoria ascende a 25.000€ (vintecinco mil euros).*

*TERCEIRA.- FINALIDADE.*

*Contribuír ó financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito das persoas maiores.*

*As subvencións irán destinadas a cubrir gastos derivados de programas, proxectos e/ou actividades así coma do normal funcionamento e mantemento da entidade, favorecendo as que substitúan ou complementen as propias dos servizos sociais municipais.*

*Poderase solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.*

*Dos programas ou actividades subvencionables exclúense as seguintes:*

- a) Actividades propias dos clubs deportivos excepto aqueles integrados por practicantes con algunha doenza.*
- b) Actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- c) As actividades que teñan canle específico de subvención por parte doutros sectores do Concello.*
- d) Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*
- e) Actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto.*
- f) As persoas físicas ou xurídicas que non teñan como obxectivo nos seus estatutos especificamente a realización de actividades ou programas de persoas maiores, ou que o mesmo non sexa o prioritario.*

*Definición de conceptos subvencionables*

- a) Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de electricidade e de auga, teléfono, fax, mantemento de equipos informáticos, etc.*  
*Non se consideran gastos de funcionamento e mantemento aqueles que supoñan unha inversión: mobiliario, equipos informáticos, equipos audiovisuais, electrodomésticos, teléfonos, móbiles, etc.; polo tanto, non serán aceptados.*
- b) Son gastos derivados dos proxectos, actividades ou programas sociais que leven a cabo as entidades, os orixinados pola realización dunha actividade propia da entidade, contratación de persoal para a realización da mesma ou calquera outro que este directamente relacionado.*
- c) Considerarase gastos realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.*

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE.**

*A concesión de subvencións ó amparo da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do programa ou servizo obxecto da subvención.*

*Serán incompatibles coas que sexan outorgadas ás entidades que xa perciban financiamento municipal, mediante convenio ou outra formula para calquera outro programa ou actividade.*

**QUINTA.- REQUISITOS.**

- Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada exclusivamente á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador de persoas maiores e con implantación local.*

- *Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
- *Poderán solicitalas subvencións que se regulan nestas bases as asociacións e entidades de persoas maiores ou que contemplan tal actividade que se atopen inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no rexistro municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo no sectorial 8.3 -“pensionista, maiores e 3ª idade”*
- *Estar ó corrente das súas obrigacións tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda Municipal. No suposto de ter recibido con anterioridade subvencións deste Concello, en materia da terceira idade, ter cumprido as obrigacións derivadas da súa concesión. Aquelas entidades que non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria 2005, non poderán acceder á presente.*

#### **SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.**

*As asociacións e entidades poderán presentalas súas peticións a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, mediante a presentación da solicitude de subvención segundo modelo que figura no Anexo I.*

##### *Documentación xenérica:*

- 1. Orzamento detallado de ingresos e gastos para o ano 2006, seguindo obrigatoriamente o modelo incluído nas bases (Anexo II), no que se indicarán as subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións e Entes Públicos ou Privados ou a súa previsión, facéndoo constar.*
- 2. Balance económico de gastos e ingresos do ano 2005 (Anexo III).*
- 3. Documentación acreditativa de estar ó corrente das súas obrigacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.*
- 4. Memoria resumida de actividades da entidade, ano 2005,*
- 5. Número de socios a 31 de decembro de 2005*
- 6. Organigrama da entidade.*
- 7. Actividades previstas para todo o ano 2006, indicando as que son de carácter permanente e a actividade ou programa obxecto da solicitude.*
- 8. Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.*
- 9. Certificación bancaria que incluírá o titular da conta – que deberá coincidir co da Asociación solicitante-, número de conta, nome da entidade e dirección completa.*

##### *Documentación específica:*

*Aquelas entidades que soliciten subvención para programas, proxectos e/ou actividades deberán presentar Anexo IV e V.*

*Sétima.- Prazo de presentación de solicitudes.*

*O prazo para solicitadas subvencións será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.*

*Oitava.- Tramitación e corrección de erros.*

*A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ó Departamento de Benestar Social.*

*Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio das mesmas e da documentación que debe de acompañalas. Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas Bases resulte esixible, requirirase ó interesado, de acordo co detallado no artigo 71.1 da citada Lei, para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, si así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes, poderase citar ás asociacións para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.*

*A instructora do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base novena, facendo constar expresamente que da información que obra no seu poder, desprendese que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.*

*Rematada a instrucción do expediente, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décima.*

**NOVENA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

*Os criterios obxectivos que se utilizaran para a concesión de subvencións serán os seguintes:*

**A) Para actividades, proxectos ou programas.**

**1) Criterios xerais. Ata 20 puntos.**

**1.1) Colaboración de persoal voluntario (ata 3 puntos).**

**1.2) Nº de beneficiarios do proxecto (ata 5 puntos).**

**1.3) Características, obxectivos e viabilidade técnica do proxecto (ata 12 puntos).**

**1.4.1) Que o desenvolvemento do proxecto no seu conxunto, responda ós obxectivos planteados e se aprecie relación directa entre ambos e cos fins Estatutarios.**

**1.4.2) Que o proxecto responda ás necesidades detectadas no sector de maiores, teña un grao suficiente de elaboración, calidade e traballo previo.**

**1.4.3) O impacto e a cobertura prevista no proxecto, en relación ó número de participantes e en termos do beneficiario social previsto.**

- 1.4) *Proxectos que complementen ou substitúan a actuación dos servizos sociais municipais (ata 6 puntos).*
- 2)  *Criterios de financiamento e orzamentarios (ata 15 puntos).*
  - 2.1) *Achega económica da propia entidade.*
  - 2.2) *Achega económica dos beneficiarios.*
  - 2.3) *Porcentaxe do custe do proxecto que solicitan ó Concello.*
- 3)  *Criterios específicos (ata 19 puntos)*
  - 3.1) *Proxectos de animación sociocultural: visitas, viaxes, encontros, celebracións, festas, etc. (Ata 6 puntos)*
  - 3.2) *proxectos socio-educativos: cursos, xornadas, seminarios, etc. (Ata 8 puntos)*
  - 3.3) *Outros (Ata 5 puntos).*

**B) Para mantemento**

- 1)  *Antigüidade da asociación:*
  - de 1 a 2 anos (2 puntos)*
  - de 3 a 5 anos (4 puntos)*
  - mais de 5 anos (5 puntos)*
- 2)  *Disposición de local para a entidade:*
  - 2.1) *Compartido (ata 3 puntos)*
  - 2.2) *Exclusivo (ata 5 puntos)*
- 3)  *Prestación de servizos de atención específica ós asociados con carácter permanente e distinto á actividade, programa ou proxecto obxecto de solicitude de subvención (ata 5 puntos).*
- 4)  *Infraestrutura, equipamento e recursos cos que conta a entidade (ata 7 puntos).*

*Para a concesión da subvención valorarase un só proxecto, programa ou actividade e gastos de mantemento.*

**DÉCIMA.- VALORACIÓN DE SOLICITUDES, RESOLUCIÓN E SEGUIMIENTO.**

*A Xunta de Goberno Local, á proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de avaliación integrada pola Delegada, que actuará de presidenta, o Xefe do sector, a Xefa de sección de planificación, e a Técnica do departamento xurídico-administrativo que actuará de secretaria, acordará concedelas subvencións con cargo ós orzamentos municipais do exercicio económico de 2006, por unha cantidade global de 25.000 €, con cargo á partida 3130.48900000 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.”*

*A Comisión de avaliación poderá chamar ós Técnicos que considere oportuno, para ser oídos antes de formulala proposta de concesión de subvencións.*

*En dito acordo fixaranse as contías concedidas a cada asociación ou entidade, que en ningún caso excederán para funcionamento e mantemento, do 50% do custe total.*

*Para actividades, proxectos, etc., poderase subvencionalo importe total.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*Se non recae resolución expresa no prazo de cinco meses, a contar desde a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, deberá entenderse desestimada a solicitude. Contra a resolución expresa ou presunta, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo ou directamente na forma, prazo e condicións que determina a Lei reguladora de dita xurisdicción.*

*Polo departamento de Benestar Social, da área de Participación Cidadá, establecerase os mecanismos oportunos para o seguimento e control das Entidades subvencionadas por calquera dos conceptos sinalados na base terceira. A tal fin, ditas entidades quedan obrigadas a facilitala tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.-XUSTIFICACIÓN E PAGO**

*Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta de novembro de dous mil seis.*

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión das subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa.*

*A rendición da conta xustificativa deberá comprender os documentos que a continuación se indican:*

*a) Memoria*

*a.1.) Para as subvencións de programas.- Memoria avaliativa da actividade subvencionada levada a cabo, consistente na declaración detallada das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custe*

*No contido da memoria figurará, ó menos o seguinte:*

- finalidade*
- denominación do programa ou proxecto*
- financiamento*
- colectivo de actuación*
- prazo de execución do programa ou actividade*
- número de usuarios directos*
- materiais utilizados*
- actuacións realizadas*
- resultados obtidos*
- conclusións.*

*a.2.) Para as subvencións de mantemento.- Memoria descritiva dos gastos de mantemento da entidade.*

No contido da memoria figurará, ó menos o seguinte:

- *Gastos correntes de funcionamento especificando:*
  - *Gastos de persoal*
  - *Mantemento das instalacións*
  - *Alugamentos*
  - *Subministracións (teléfonos, auga, fax, etc.)*
  - *Mantemento de equipos informáticos*
  
- b) *Certificación expedida polo perceptor, de que a finalidade para a que se outorgou a subvención foi cumprida conforme o proxecto presentado para a obtención da subvención.*
  
- c) *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación, polo menos de: súa data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, contía do gasto subvencionable e porcentaxe imputada a xustificacións de subvención.*
  
- d) *Relación desagregada de tódalas ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedemento e aplicación ás actividades subvencionadas.*
  
- e) *Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número asignado na relación nomeada.*

*e.1) Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, deberá aportarse orixinal e copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsada a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serve para xustificar unha subvención outorgada no procedemento de subvencións para (sinalar o obxecto da subvención)”*

*e.2) Os gastos realizados certificaranse mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.*

*As facturas, ademais de estar datadas no período subvencionable terán que levar o selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio os simples “recibís”.*

*Os elementos que deben incluírse nas facturas serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable, considerándose imprescindible que recolla:*

- *o nome ou razón social da empresa que factura*
- *o seu NIF*
- *a data de emisión*
- *importe e detalle de cada un dos obxectos facturados*
- *IVE ou IRPF cando proceda*

*e.3) Para o caso de ter que acreditar custes salariais correspondentes a gastos de persoal, achegaranse nóminas asinadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso.*



*O pago da subvención efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada na solicitude e na forma regulamentaria.*

#### *DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGACIÓN.*

*As asociacións e entidades subvencionadas están obrigadas a:*

- 1. Cumprir o obxectivo, executalo proxecto, realizala actividade ou adoptalo comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
- 2. Aportar a documentación que figura nas Bases.*
- 3. Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas por este Concello.*
- 4. Someterse ó seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, que sexa procedente levar a cabo no exercicio das funcións indicadas, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.*
- 5. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas.*
- 6. Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil correspondente.*
- 7. Aboar as taxas, impostos, dereitos e tódolos gastos derivados da realización da actividade para a que se solicita a subvención.*

#### *DÉCIMO TERCEIRA.- REVOGACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.*

*Procede a revogación das subvencións concedidas nos seguintes casos:*

- 1. Incumprimento do programa que serviu de base para concedela subvención.*
- 2. Non xustificala subvención no prazo concedido.*
- 3. Tódalas demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións.*

*A revogación implicará que a entidade non poderá concorrer á convocatoria de subvencións do ano seguinte.*

*As entidades ou organizacións adxudicatarias de subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións.*

*Igualmente, no suposto de que as achegas das Administracións ou entes públicos ou privados, superen o custe da actividade subvencionada polo Concello, a entidade estará obrigada ó reintegro do exceso obtido sobre o custe da actividade obxecto da subvención.*

#### *DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE.*

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina de internet [www.vigo.org](http://www.vigo.org), anunciándose no Boletín Oficial da Provincia tal extremo, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.

As subvencións que se conceden a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerado, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos, con expresión do beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Todas as entidades beneficiadas pola concesión das subvencións, comprométense a colaborar co Concello de Vigo en calquera campaña ou programa de sensibilización que se promova desde Benestar Social.

#### DÉCIMO QUINTA.- NORMA FINAL.

En todo aquilo non previsto na presente Convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

### **3(368).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVICIOS SOCIAIS. EXPTE. 13404/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.06, o informe de fiscalización do 20.03.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 9.03.06, conformado pola xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais e polo xefe de Sector, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar Bases que rexerán as subvencións a Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro para o desenvolvemento e mantemento de programas de servizos sociais.

2º.- Comprometelo gasto do programa para o exercicio 2006 con cargo á aplicación 3130.4890000 por importe total de 75.000 € (setenta e cinco mil euros).”

#### *BASES CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DE PROGRAMAS DE SERVICIOS SOCIAIS*

#### *CONVOCATORIA 2006*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais, no seu artigo 21 atribúelle ós Concellos, entre outras, competencias no fomento dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

*A Lei de Servicios Sociais, no seu artigo 5 sistematiza os servicios sociais nas seguintes áreas de actuación:*

- *Comunidade*
- *Familia, infancia e xuventude*
- *Minusvalías*
- *Vellez*
- *Muller*
- *Drogodependencias e alcoholismo*
- *Minorías étnicas*
- *Delincuencia e reinserción*
- *Outras problemáticas de inserción social*

*Co obxecto de fomentar a iniciativa de Asociacións no ámbito dos servicios sociais, e coadxuvar subsidiariamente ó financiamento de entidades privadas sen ánimo de lucro que presten servizos e programen actividades en beneficio dos colectivos indicados, o Concello de Vigo convoca a concesión conforme ás seguintes bases no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*

#### *PRIMEIRA.- OBXECTO.*

*É obxecto da presente convocatoria pública a concesión de axudas económicas a Asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de programas e actuacións de promoción de Servizos sociais mediante a prestación de actividades de carácter preventivo, asistencial e rehabilitador, que teñan implantación nas áreas de actuación que establece a Lei de Servizos Sociais e efectúen as actividades en Vigo e que cumpran os requisitos que se indican nas bases para o exercicio 2006, en réxime de concorrencia competitiva.*

#### *SEGUNDA.- CONTÍA*

*A contía da presente convocatoria ascende a 75.000€*

#### *Terceira.- Finalidade.*

*Contribuír ó financiamento de gastos das entidades que operan no ámbito descrito no obxecto.*

*As subvencións irán destinadas a cubrir gastos derivados de programas, proxectos e/ou actividades así coma do normal funcionamento e mantemento da entidade, favorecendo as que substitúan ou complementen as propias dos servicios sociais municipais.*

*Poderase solicitar un concepto ou ambos, non sendo excluíntes.*

*Dos programas ou actividades subvencionables exclúense as seguintes:*

- a) Actividades propias dos clubs deportivos excepto aqueles integrados por practicantes con algunha doenza.*
- b) Actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.*
- c) As actividades que teñan canle específico de subvención por parte doutros sectores do Concello.*
- d) Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.*
- e) Actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto*

### Definición de conceptos subvencionables

- a) Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o normal funcionamento da mesma no que se refire a gastos de persoal, mantemento das instalacións, arrendamento do local da sede social, subministración de electricidade e de auga, teléfono, fax, mantemento de equipos informáticos, etc.

*Non se consideran gastos de funcionamento e mantemento aqueles que supoñan unha inversión: mobiliario, equipos informáticos, equipos audiovisuais, electrodomésticos, teléfonos, móbiles, etc.; polo tanto, non serán aceptados.*

- b) Son gastos derivados dos proxectos, actividades ou programas sociais que leven a cabo as entidades, os orixinados pola realización dunha actividade propia da entidade, contratación de persoal para a realización da mesma ou calquera outro que este directamente relacionado.
- c) Considerarase gastos realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada

### CUARTA.- COMPATIBILIDADE.

*A concesión de subvencións ó amparo da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do programa ou servizo obxecto da subvención.*

*Serán incompatibles coas que sexan outorgadas ás entidades que xa perciban financiamento municipal, mediante convenio ou outra formula para calquera outro programa ou actividade.*

### QUINTA.- REQUISITOS.

- *Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada á realización de actividades de carácter preventivo, asistencial e/ou rehabilitador e con implantación local.*
- *Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade á data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, na Consellería de Servizos Sociais ou de Familia, segundo corresponda, de conformidade co disposto no Decreto 291/95, de 3 de novembro, (DOG nº 218, de 14/11/95) e Ordes do 18 de xaneiro e 5 de febreiro de 1996, (DOG nº 24 do 2 de febreiro e 35 do 19 de febreiro) da Xunta de Galicia.*
- *Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións adscrito á Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, nun epígrafe obxecto da convocatoria.*
- *Estar ó corrente das súas obrigacións tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda Municipal. No suposto de ter recibido con anterioridade subvencións deste Concello, en materia de acción social, ter cumprido as obrigacións derivadas da súa concesión. Aquelas entidades que non tivesen xustificando a subvención relativa á convocatoria 2005, non poderán acceder á presente.*

## SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As asociacións e entidades poderán presentalas súas peticións a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, mediante a presentación da solicitude de subvención segundo modelo que figura no Anexo I.

### Documentación:

1. Orzamento detallado de ingresos e gastos para o ano 2006, seguindo obrigatoriamente o modelo incluído nas bases (Anexo II), no que se indicarán as subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións e Entes Públicos ou Privados ou a súa previsión, facéndoo constar.
2. Balance económico de gastos e ingresos do ano 2005 (Anexo III)
3. Documento acreditativo da inscrición ou solicitude da mesma no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Servizos Sociais ou de Familia segundo proceda, da Xunta de Galicia.
4. Documentación acreditativa de estar ó corrente das súas obrigacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
5. Memoria xeral de actividades da entidade, relativa ó ano 2005.
6. Número de socios a 31 de decembro de 2005
7. Organigrama da entidade.
8. Actividades previstas para o ano 2006, indicando as que son de carácter permanente e a actividade ou programa obxecto da solicitude.
9. Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.
10. Certificación bancaria que incluírá o titular da conta – que deberá coincidir co da Asociación solicitante-, número de conta, nome da entidade e dirección completa.

### Documentación específica:

Aquelas entidades que soliciten subvención para programas, proxectos e/ou actividades deberán presentar Anexo IV e V.

## SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo para solicitadas subvencións será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

## OITAVA.- TRAMITACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS.

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ó Departamento de Benestar Social.

Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio das mesmas e da documentación que debe de acompañalas. Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas Bases resulte esixible, requirirase ó interesado, de acordo co detallado no artigo 71.1 da citada Lei, para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, si así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes, poderase citar ás asociacións para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.

A instructora do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base novena, facendo constar expresamente que da información que obra no seu poder, desprendese que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Rematada a instrucción do expediente, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décima.

#### NOVENA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Os criterios obxectivos que se van a utilizar para a concesión de subvencións serán de dous tipos, xerais e específicos.

A) Para actividades, proxectos e programas.

##### Criterios xerais. Ata 22 puntos

1. Criterios xerais de valoración do proxecto:

1 1.1. Colaboración de persoal voluntario na entidade (ata 2 puntos)

1.2. Nº de beneficiarios do proxecto (ata 2 puntos)

1.3. Características, obxectivos e viabilidade técnica do proxecto (ata 12 puntos)

1.3.1. Que o desenvolvemento do proxecto no seu conxunto, responda ós obxectivos planteados e se aprecie unha relación directa entre ambos.

1.3.2. Que o proxecto responda ás necesidades detectadas do sector de actuación da entidade.

1.3.3. Que o proxecto presente un grao suficiente de elaboración, calidade, e traballo previo.

1.3.4. Que o proxecto teña un grao suficiente de viabilidade, entendida como capacidade de alcanzar os obxectivos en función dos recursos dispoñibles (económicos, humanos, de infraestrutura,...) das actividades previstas e dun procedemento de intervención de calidade.

1.3.5. A idoneidade e eficacia da intervención en relación á situación, necesidades, problemática e o ámbito no que se pretende intervir.

1.3.6. O impacto e a cobertura prevista no proxecto, en relación ó número de participantes e beneficiarios, e en termos do beneficiario social previsto.

1.4. Proxectos que complementen ou substitúan a actuación dos Servizos Sociais Municipais (ata 6 puntos).

2. Criterios de financiamento e presupostos. (Ata 15 puntos)

2.1. Achega económica da propia entidade.

2.2. Ingresos que o solicitante recibe doutros organismos públicos.

2.3. Ingresos que recibe do sector privado.

2.4. A porcentaxe do custe do proxecto que solicitan ó Concello.

Criterios específicos. Ata 32 puntos.

- Proxectos que establezan actuacións das que o desenvolvemento implique actividades continuadas no tempo e non con carácter puntual. Ata 5 puntos.
- Proxectos desenvolvidos por entidades con experiencia consolidada neste sector de poboación ó que dirixen o seu proxecto. Ata 5 puntos.
- Proxectos innovadores con capacidade de autofinanciamento para o mantemento futuro do proxecto. Ata 5 puntos.
- Proxectos innovadores, valorándose as iniciativas que implican o emprego de novas metodoloxías e experiencias. Ata 5 puntos.
- Proxectos desenvolvidos despois dun diagnóstico previo, elaborado para fundamentación e estratexia de actuación do proxecto. Ata 7 puntos.
- Proxectos socio-educativos e de respiro familiar. Ata 5 puntos.

B) Para mantemento.

1) Antigüidade da asociación:

de 1 a 2 anos (2 puntos)

de 3 a 5 anos (4 puntos)

mais de 5 anos (5 puntos)

2) Disposición de local para a entidade:

2.1) Compartido (ata 3 puntos)

2.2) Exclusivo (ata 5 puntos)

3) Prestación de servizos de atención específica ós asociados con carácter permanente e distinto á actividade, programa ou proxecto obxecto de solicitude de subvención (ata 5 puntos).

4) Infraestrutura, equipamento e recursos cos que conta a entidade (ata 7 puntos).

Para a concesión da subvención valorarase un só proxecto, programa ou actividade e gastos de mantemento.

DÉCIMA.- VALORACIÓN DE SOLICITUDES, RESOLUCIÓN E SEGUIMIENTO.

A Xunta de Goberno Local á proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de avaliación integrada pola Delegada que actuará de presidenta, o Xefe do sector, a Xefa de sección de planificación e a Técnica do departamento xurídico-administrativo que actuará de secretaria, acordará concedelas subvencións con cargo ós orzamentos municipais do exercicio económico de 2006, por unha cantidade global de 75.000 €, con cargo á partida 3130.48900000 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.”

A Comisión de avaliación poderá chamar ós Técnicos que considere oportuno, para ser oídos antes de formulala proposta de concesión de subvencións.

En dito acordo fixaranse as contías concedidas a cada asociación ou entidade, que en ningún caso excederán para funcionamento e mantemento, do 50% do custe total. O 50% restante deberá ser cuberto por achegas da propia entidade, ou doutros posibles financeiros, indicando a natureza das mesmas en canto a contía e procedencia, e acreditarase documentalmente na fase de xustificación da subvención.

Para actividades, proxectos, etc., poderase subvencionalo importe total.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Se non recae resolución expresa no prazo de cinco meses, a contar desde a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, deberá entenderse desestimada a solicitude. Contra a resolución expresa ou presunta, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo ou directamente na forma, prazo e condicións que determina a Lei reguladora de dita xurisdicción.

Polo departamento de Benestar Social da Área de Participación Cidadá estableceranse os mecanismos oportunos para o seguimento e control das Entidades subvencionadas por calquera dos conceptos sinalados na base terceira. A tal fin, ditas entidades quedan obrigadas a facilitala tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- XUSTIFICACIÓN E PAGO.**

Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta de novembro de dous mil seis.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión das subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa.

A rendición da conta xustificativa deberá comprender os documentos que a continuación se indican:

a) Memoria

- a.1) Para as subvencións de programas.- Memoria avaliativa da actividade subvencionada levada a cabo, consistente na declaración detallada das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custe.

No contido da memoria figurará, ó menos o seguinte:



- finalidade
- denominación do programa ou proxecto
- financiamento
- colectivo de actuación
- prazo de execución do programa ou actividade
- número de usuarios directos
- materiais utilizados
- actuacións realizadas
- resultados obtidos
- conclusións.

a.2) Para as subvencións de mantemento.- Memoria descritiva dos gastos de mantemento da entidade.

No contido da memoria figurará, ó menos o seguinte:

- Gastos correntes de funcionamento especificando:
  - gastos de persoal
  - mantemento das instalacións
  - alugamentos
  - subministracións (teléfono, auga, fax, etc.)
  - mantemento de equipos informáticos

- b) Certificación expedida polo receptor, de que a finalidade para a que se outorgou a subvención foi cumprida conforme o proxecto presentado para a obtención da subvención.
- c) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación, polo menos de: súa data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, contía do gasto subvencionable e porcentaxe imputada a xustificacións de subvención.
- d) Relación desagregada de tódalas ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedemento e aplicación ás actividades subvencionadas.
- e) Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número asignado na relación nomeada.

e.1) Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, deberá aportarse orixinal e copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsada a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serve para xustificar unha subvención outorgada no procedemento de subvencións para (sinalar o obxecto da subvención)”

e.2) Os gastos realizados certificaranse mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

As facturas, ademais de estar datadas no período subvencionable terán que levar o selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio os simples “recibís”.

Os elementos que deben incluírse nas facturas serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable, considerándose imprescindible que recolla:

- o nome ou razón social da empresa que factura
- o seu NIF
- a data de emisión
- importe e detalle de cada un dos obxectos facturados
- IVE ou IRPF cando proceda

*e.3) Para o caso de ter que acreditar custes salariais correspondentes a gastos de persoal, achegaranse nóminas asinadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso.*

*O pago da subvención efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada na solicitude e na forma regulamentaria.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS.**

*As asociacións e entidades subvencionadas están obrigadas a:*

1. *Cumprilo obxectivo, executalo proxecto, realizala actividade ou adoptalo comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
2. *Aportala documentación que figura nas Bases.*
3. *Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas por este Concello.*
4. *Someterse ó seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención, que sexa procedente levar a cabo no exercicio das funcións indicadas, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.*
5. *Asumilas responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas.*
6. *Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como da cobertura da responsabilidade civil correspondente.*
7. *Abonalar taxas, impostos, dereitos e tódolos gastos derivados da realización da actividade para a que se solicita a subvención.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- REVOGACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.**

*Procede a revogación das subvencións concedidas nos seguintes casos:*

1. *Incumprimento do programa que serviu de base para concedela subvención.*
2. *Non xustificala subvención no prazo concedido.*
3. *Tódalas demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións.*

*A revogación implicará que a entidade non poderá concorrer á convocatoria de subvencións do ano seguinte.*

*As entidades ou organizacións adxudicatarias de subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións.*

*Igualmente, no suposto de que as achegas das Administracións ou entes públicos ou privados, superen o custe da actividade subvencionada polo Concello, a entidade estará obrigada ó reintegro do exceso obtido sobre o custe da actividade obxecto da subvención.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE.**

*A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e na paxina de internet [www.vigo.org](http://www.vigo.org), anunciándose no Boletín Oficial da Provincia tal extremo, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncios nos medios de comunicación.*

*As subvencións que se conceden a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerado, supera os 3.000 €, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos, con expresión do beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.*

*Tódalas entidades beneficiadas pola concesión das subvencións, comprométense a colaborar co Concello de Vigo en calquera campaña ou programa de sensibilización que se promova desde Benestar Social.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- NORMA FINAL.**

*En todo aquilo non previsto na presente Convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.*

### **4(369).- AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR PARA O CURSO 2005/2006 – MODALIDADE DE EXCEPCIÓN. EXPTE. 13422/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 24.03.06, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Axudas Municipais Escolares de comedor e os importes de 40,00 €/mes/alumno que se achegan nos Anexos I e II que constan no expediente, con cargo á partida 31304810000 e RC 200600001180. As solicitudes corresponden á Modalidade excepcional reflexada na cláusula décimo-terceira das bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 4/4/2005 e que foron presentadas no Rexistro Xeral desde o 13 de decembro de 2005 ata o 28 de febreiro de 2006.

1.1. Altas de comedor desde o 1/2/2006, comenzando o listado no colexio Breogán con Teixeira Barrul, Angel e finaliza no colexio Ramón y Cajal con Gil Arrieta, Adriv. Anexo I. Total 3.840,00 €.

1.2. Altas no comedor desde 1/3/2006, comenzando o listado no colexio Possumus con Castro Rial, Francisco Xacobe e finaliza no colexio San Salvador con Freire Sesar, Daniel. Anexo II. Total 840,00 €.

2º.- Denegar as seguintes Axudas Municipais Escolares de libros e comedor na modalidade excepcional, presentadas no Rexistro Xeral desde o 13/12/2005:

<u>APELIDOS E NOME</u>	<u>EXPTE.</u>
Aldea, Daniel	21/1414
Arrieta Chaciw, Viviane	21/1429
Chakeriam Figueroa, Nisham	21/1279
Labazethe Messa, Mª Carmen	02/705
Santy Toledo, Verónica	22/1589
Mino Pereira, Leonardo	03/755
Alonso Loureiro, Verónica	02/325
Hernández Espinosa, Odalys	22/1681
Gabarres Jiménez, Sonia	14/1123
Ticona Díaz, Josefa	22/1721

**5(370).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA OBRA “TERRAZA Ó MAR” DE ARTURO SOUTO PARA EXPOSICIÓN NO PALACIO DE FONSECA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 2018/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director en funcións, conformado polo concelleiro de Cultura e Presidente do Padroado, que di o seguinte:

*No museo municipal recibíuse unha solicitude de Mª Lourdes Martínez-Sapiña Llamas, como comisaria da exposición “Galicia e subrealismo” que promove Caja Madrid a través de Gecesa, para o préstamo temporal da obra: “Terraza ao mar” de Arturo Souto, nº inventario 198 pertencente á colección de arte galega do museo. A exposición “Galicia e o subrealismo”, realizarase entre maio e xuño de 2006 no Colexio Fonseca de Santiago de Compostela.*

*Por parte do Museo, comunicouse á entidade a necesidade de face-la solicitude no impreso oficial do propio Museo, facilitando á comisaria a ficha da obra solicitada, con fotografía, da que figura copia no expediente.*

*Unha vez recibida a solicitude no mencionado impreso, compróbase que a entidade solicitante do préstamo é “GECESA”, polo que se solicita a Caja Madrid un escrito no que se aclare a vinculación entre ambas entidades. Como resposta a esta aclaración recíbese o escrito que obra no expediente no que nos comunican que GECESA é unha empresa que xestiona espazos culturais propiedade de Caja Madrid e que pertence á Sociedade de Promoción e Participación Empresarial de Caja Madrid, S.A.*

*Segundo o informe do estado de conservación que se achega, solicitado por parte do Museo municipal á conservadora María Rosa Seoane Gámez, o estado de conservación da obra é bo polo que, en vista do interese da mostra, e seguindo instrucións do concelleiro da área de asuntos sociais, faise á xunta de goberno local a seguinte*

**PROPOSTA.-**

*“Autorizar o préstamo temporal da obra “Terraza ó mar” de Arturo Souto, nº inventario 198, asignada ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, a Caja Madrid para a exposición “Galicia e os subrrrealistas”, a celebrar entre o 12 de maio de 2006 e o 25 de xuño de 2006 no Palacio Fonseca da Universidade de Santiago;*

*conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(371).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO PARA REALIZAR A PROBA CICLISTA “2º TROFEO ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE” O DÍA 9.04.06 POR DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 6052/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao club ciclista Ría de Vigo a organizar o vindeiro día 9 de abril de 2006 a proba ciclista denominada “2º Trofeo Entidade Local Menor de Bembrive ” que está previsto que se desenvolva nun circuíto formado polas seguintes rúas: saída e chegada diante do local da Entidade Menor, estrada de Bembrive, camiño da Capela, rúa dos Chans, camiño Area do Lecer, camiño do Pouso, estrada do Mercantil, dirección Cabral pola avda. da Ponte, paralela da avda. de Madrid, estrada vella de Madrid, estrada de Bembrive e paso por meta. Neste circuíto de 15 Km. se darán 5 voltas ata completar 75 Km de percorrido. O horario de saída está previsto as 10:00 h.

**7(372).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA A.VV. EMILIO CRESPO DE SAN PAIO DE NAVIA PARA A ORGANIZACIÓN DA “I MARCHA CICLISTA A NAVIA” O DÍA 23.04.06 POR DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 6079/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á A.VV. "Emilio Crespo" de San Paio de Navia a organización da I Marcha Ciclista a Navia, a celebrar o vindeiro día 23 de abril co seguinte percorrido e horarios: saída ás 10.30 horas dende a Alameda da Debesa, descenso pola rúa San Paio, descenso por Redondo, Av. De Samil, Avenida de Europa, rúa Bravo, rúa Pereiras, rúa Cerqueiro, ascenso por rúa Bravo, descenso por rúa San Paio, rúa Muiños, Av. Ricardo Mella, rúa Xuncal, rúa Tornada, ascenso por rúa San Paio, Avenida de Europa, descenso ata o final da rúa Teixugueiras, rotondas, ascenso pola rúa Teixugueiras, xiro rotondas e remate na rúa Pedra Seixa, nas inmediacións do Parque Pozo Cabalo, ás 12.30 horas.

**8(373).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE PRODUÇÃO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA ORGANIZAR A 1ª ETAPA DO “GRANDE PREMIO PAREDES ROTA DOS MÓVEIS” O DÍA 22.04.06 POR DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 6107/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.03.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Produción de Actividades Desportivas a organización da primeira etapa do "Grande Premio Paredes Rota dos Móveis", no termo municipal de Vigo, o vindeiro día 22 de abril a partir das 10.30 horas co percorrido seguinte: Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie, Praza de España, Avenida de Madrid pola vía central e remate no hipermercado Alcampo ás 11.30 horas, para logo partir pola A-55 en dirección a Portugal".

**9(374).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO ANPA BENE VIVERE E O CLAUSTRO DE PROFESORES DO CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE PARA ORGANIZAR O "XXVII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE" O DÍA 23.04.06. EXPTE. 6108/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA Bene Vivere e o Claustro de profesores do CEIP Mosteiro Bembrive a organizar o vindeiro día 23 de abril de 2006 a proba deportiva denominada "XXVII Cross Escolar Mosteiro Bembrive", que está previsto que se desenvolva nos arredores do CEIP Mosteiro Bembrive e na estrada de Bembrive entre as 10:00 e as 14:00 h.

**10(375).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DE REXENERACIÓN DO AREAL DO VAO. EXPTE. 3731/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico Superior de Medioambiente, Sanidade e Consumo, do 12.04.06, conformado polo concelleiro delegado de Medioambiente, que di o seguinte:

*Con data 14 de novembro de 2005 a Xunta de Goberno local aprobou o proxecto para a rexeneración do sistema dunar do areal do Vao.*

*Con data 30 de decembro de 2005 a Xunta de Goberno local adjudicou a execución das obras de rexeneración do sistema dunar do Vao á entidade Sercoysa Proxectos y Obras, S.A. por un importe de 73.240 €.*

*O 14 de marzo de 2006 a Consellería de Innovación e Industria publica no DOGA a orde do 7 de marzo de 2006 pola que se convocan subvencións a concellos do litoral para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño para o ano 2006.*

*Á vista do anteriormente exposto, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Solicitar á Consellería de Innovación e Industria a subvención do 50 por 100 do proxecto de rexeneración do areal do Vao de acordo coa orde do 7 de marzo de 2006 pola que se convocan subvencións a concellos do litoral para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño para o ano 2006.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **11(376).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 17673/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 23.01.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di:

### *NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)*
- *RDL 1/2000 de 16 xuño, do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *D.de 17 de xuño de 1955, do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

### *ANTECEDENTES:*

*Primeiro.- Pola Unidade de Patrimonio elaborouse o presente proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos, coa finalidade de dispoñer dunha norma xurídica específica na que se fixen as condicións administrativas xerais que rexiran nas concesións administrativas para a ocupación do dominio público se otorguen, regulando entre outras cuestións, o procedemento e criterios de adjudicación preferente, como o contido básico da relación xurídica que vencellara o concesionario coa administración municipal durante a súa vixencia.*

*Na actualidade o réxime xurídico polo que se rixen os quioscos instalados na cidade non gardan unha uniformidade, dándose diferencias, xa no propia natureza do título (autorizacións/concesión administrativa) como nos prazos de duración, superficies ocupadas, condicións de cesión etc, consecuencia todo isto de que se seguiron distintos procedementos (precario, concurso), o órgano administrativo outorgante non sempre foi o mesmo, e incluso correspondeu a outras administracións a autorización nas que subrogouse o Concello.*

*Así mesmo tampouco a uniformidade concorre no propio modelo de quioscos instalados, xa que estes no responden a un modelo que o Concello tivese fixado previamente e ao que se deberán axustar os concesionarios na ocupación da vía pública.*

*Segundo.- Co obxecto de acadar un marco normativo básico e común, que tanto no ámbito do réxime xurídico como no ámbito constructivo e estético, poida comprender os principios xerais que informarán e rexirán, no seu caso, no clausulado dos correspondentes pregos de condicións que, ao efecto, se dicten no outorgamento das concesións administrativas, foi elaborado o presente proxecto de ordenanza municipal.*

*Terceiro.- A Ordenanza desenvólvese en 29 artigos, estando estruturado o seu contido en:*

- *Exposición de motivos.*
- *Sete títulos:*
  - I.- Disposicións Xerais.*
  - II.- Característica dos quioscos, emprazamento, instalacións e conservación.*
  - III.- Procedemento e Requisitos*
  - IV.- Transmisión de dereitos.*
  - V.- Obrigas do Concesionario.*
  - VI.- Réxime Sancionador.*
  - VII.- Resolución, extinción e reversión.*
- *Tres Disposicións Adicionais*
- *Dúas Disposicións Transitorias, e*
- *Unha Disposición Final.*

*Cuarto.- Do contido do seu articulado, procede salientar os seguintes aspectos:*

- a) Dispoñese como título habilitante para a ocupación do dominio o propio das concesións administrativas.*
- b) Coresponderá ao Concello a determinación do modelo/s de quiosco a instalar.*
- c) Procedemento xeral para a adjudicación e o concurso público.*
- d) Establécense criterios de adjudicación preferentes a ter en conta no seu otorgamento.*
- e) Prazo máximo das concesións, fíxase en 20 anos.*
- f) Regúlanse os supostos e procedemento de transmisión do título.*
- g) Establécese un réxime xurídico sancionador.*
- h) A extinción da concesión dará lugar á reversión da propiedade ou do uso do quiosco e instalacións.*
- i) Prevéase a posibilidade de que as concesións ou autorizacións vixentes á entrada en vigor da ordenanza poidan optar en someterse ao seu réxime, ou continuar suxeito ao previsto no seu título.*
- j) Os titulares de autorizacións en precario ou provisionais rexeráanse pola Ordenanza.*
- k) Establécese un procedemento para a regularización da situación dos quioscos xa instalados e nos que o actual titular sexa unha persoa distinta a autorizada.*

#### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*Primeiro.- A Ordenanza é manifestación da potestade normativa que, no ámbito das súas competencias, teñen atribuídas os municipios na tutela e xestión dos bens públicos da súa titularidade, inscribíndose na tradicional facultade interventora na actividade dos administrados nos servizos particulares destinados ao público mediante a utilización especial ou privativa dos bens de dominio público. Facultade interventora que se pode exercer entre outros medios, por Ordenanzas ou Bandos, dacordo co previsto na lei de bases de Réxime Local e demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación as Entidades Locais.*

*As súas disposicións, unha vez aprobadas, dacordo co procedemento regulado, será de aplicación ás Entidades Locais en todo aquilo non previsto pola lexislación básica e na LALG, e vencella aos administrados e á Administración, sen que esta poida dispensar individualmente da súa observancia (art. 4, 49, 84 da LRBRL, art.4.2, 286 e 287 da LALG, e art. 1,2,5,7 e 11 RSCL).*



*Segundo.- A competencia para a aprobación da Ordenanza ven atribuída ao Pleno do Concello, tralo dictamen da Comisión Informativa correspondente, e previa aprobación do seu proxecto pola Xunta de Goberno Local ( art. 123.1.d) e art. 127.1.a) da LRBRL).*

*Polo exposto, propoñese ao Pleno Municipal a adopción do seguinte Acordo:*

*“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos, dacordo co texto que de seguido se transcribe.*

*SEGUNDO. Sometela á información pública polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.*

*TERCEIRO. Declarar que, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, entrando en vigor a Ordenanza ós seis meses da data na que resulte publicada a texto completo no BOP, dacordo co art. 49 e 70.2 da LRBRL”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, de acordo co texto que de seguido se transcribe.

2º.- Dar traslado do expediente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial.

#### ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA OCUPACION DO DOMINO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A ocupación das vías públicas municipais polos administrados, mediante instalacións fixas, como no caso dos quioscos adicados a venta de xornais e outros produtos, constitue un uso privativo desta que limita o excluye do uso xeral ao resto dos cidadáns, requirindo dun título administrativo que lo habilite.*

*A suxección do uso privativo do dominio público ao reximen xurídico propio das concesións administrativa demaniales, fai necesario dispoñer dun texto normativo específico que sirva de base e constitua o marco xurídico no que desenvolveranse as autorizacións que a ditos fins se otorguen no ámbito do termo municipal.*

*A Ordenanza é manifestación da potestad normativa que no ámbito das súas competencias, teñen atribuídas os municipios na tutela e xestión dos bens públicos da súa titularidade, inscribindose na tradición facultade interventora na actividade dos administrados nos servizos particulares destinados ao público mediante a utilización especial o privativa dos bens de dominio público.*

*Facultade interventora que poderá exercerse, entre outros medios, por Ordenanzas ou Bandos, dacordo co previsto na lei de bases de Reximen Local e demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación as Entidades Locais.*

*Neste contexto, a Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de Quioscos, semella o instrumento normativo mais axeitado para acadar unha regularización e ordenación do aproveitamento privativo das vías públicas municipais, de un xeito xeral e homoxéneo, que permitirá dispoñer dun reximen xurídico específico, común e uniforme, tanto para as concesiones demaniales que se otorguen trala súa entrada en vigor como, na medida do posible, das xa outorgadas con anterioridade.*

*A presente Ordenanza consta de 29 artigos, desenvolvendo o seu contido o longo de sete Títulos, tres Disposicións Adicionais, dúas Disposicións Transitorias e unha Final, e entrando en vigor nos seis meses dende a data da súa publicación no BOP.*

## TÍTULO I. - DISPOSICIÓNS XERAIS.-

### *Artigo 1.- AMBITO DE APLICACIÓN.-*

*A presente ordenanza será de aplicación no aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a instalación de quioscos, no termo municipal de Vigo, cos requisitos, condicións e termos xerais que nela se establecen.*

### *Artigo 2.- OBXECTO.-*

*As autorizacións terán por obxecto o exercicio das actividades de venda de diarios, revistas, publicacións periódicas en xeral e lambetadas, en quioscos sitos na vía pública ou espazos de uso público municipal, a instalación dos cales será autorizada con suxeición ó deseño, modelo, características e emplacements determinados polo Concello e de acordo co contido desta ordenanza.*

### *Artigo 3.- NATUREZA XURÍDICA.-*

*As autorizacións para o uso privativo do dominio público, outorgaranse en réxime de concesión administrativa de acordo co disposto nos artigos 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 78.1.a do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

### *Artigo 4.- NORMATIVA APLICÁBEL.-*

*As concesións rexeranse en primeiro termo por esta ordenanza e no non previsto nela polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local; Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RD 1372/1986, de 13 de xuño, Reglamento de Bens das Entidades Locais e polas ordenanzas, instrucións ou disposicións xerais deste Concello reguladoras dos elementos de mobiliario urbano e utilización do dominio público local.*

## TÍTULO II. - CARACTERÍSTICAS DOS QUIOSCOS, EMPRAZAMENTO, INSTALACIÓNS E CONSERVACIÓN.-

*Artigo 5.- MODELO DE QUIOSCO.-*

- 1. Corresponde á Xunta de Goberno Local definir o modelo, características, materiais, e dimensións dos quioscos, poidéndose aprobar distintos modelos segundo as zonas da cidade onde se vaian a instalar.*
- 2. Prohíbese a introducción polo concesionario de elementos ou modificacións no quiosco que en maior ou menor grado vulneren as especificacións oficiais.*

*Artigo 6.- EMPRAZAMENTO.-*

- 1. O Concello, nos procedementos licitatorios que convoque para a adxudicación de quioscos, elaborará e aprobará unha relación de emprazamentos de novos quioscos que se decida instalar consonte ós modelos aprobados.*
- 2. Non se poderán instalar novos quioscos a unha distancia mínima inferior a 150 metros dos existentes.*
- 3. O Concello resérvase a facultade de variar o emprazamento das instalacións, con carácter temporal ou definitivo, se así o esixisen as necesidades de utilización do dominio público. Neste caso, o concesionario levantará ás súas expensas a instalación do seu emprazamento orixinal e efectuará a nova instalación no emprazamento fixado por aquela, dentro do prazo dos 15 días seguintes ó requerimento feito pola administración municipal. De non cumprir o concesionario o requerimento no prazo sinalado, a Administración municipal levantará de oficio a instalación con cargo ó concesionario.*

*Artigo 7.- PUBLICIDADE.-*

- 1. A exhibición de publicidade nos espazos do quiosco reservados a este fin suxeitarase as especificacións técnicas e condicións xurídicas que establezca o Concello ó conceder autorización correspondente*
- 2. O Concello poderá reservar un espazo destinado a publicidade que se adicará a información municipal.*
- 3. A publicidade estará suxeita á tributación que resulte en cada momento da normativa aplicábel.*

*Artigo 8. INSTALACIÓN.-*

- 1. O concesionario deberá instalar o quiosco ó seu cargo no emprazamento exacto que o Concello determine, e con suxeición ó modelo, características, materiais e dimensións que a Xunta de Goberno Local aprobe con carácter preceptivo.*
- 2. O prazo para a instalación do quiosco será fixado no prego de condicións económico-administrativas que rixa a concesión, non podendo ser este inferior a 4 meses.*

*Artigo 9.- CONSERVACIÓN.-*

O concesionario deberá realizar en todo momento ó seu cargo as obras de reforma, reparación, limpeza e conservación e mantemento en xeral, para ter o quiosco e a súa área de influencia en perfecto estado de conservación e uso.

### TÍTULO III.

#### - PROCEDEMENTO E REQUISITOS.-

##### Artigo 10.- COMPETENCIA.-

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para o outorgamento da concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de quioscos na vía pública e a súa explotación .

##### Artigo 11.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.-

1. As concesións outorgaranse en reximen de concurrencia, por concurso público, mediante procedemento aberto, de acordo cos requisitos dispostos no RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales e na normativa reguladora da Contratación das Administracións públicas.
2. Excepcionalmente, poderase acordar ó otorgamento directo da concesión, nas condicións e supostos previstos no art. 93.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.
3. As concesións adxudicaránse de acordo cos criterios de valoración que se fixen no prego de condicións económico-administrativas que se aprobe, no seu caso, no expediente de outorgamento da concesión. Para a fixación dos devanditos criterios estarase ós criterios de adxudicación preferente establecidos no artigo 13 da presente ordenanza.

##### Artigo 12.- REQUISITOS DE CAPACIDADE DOS ADXUDICATARIOS DOS QUIOSCOS

1. Poderán optar ás concesións administrativas que se regulan nesta ordenanza, todas as persoas físicas, españolas ou extranxeiras, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, e non se atopen incursas en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración Pública de conformidade coa normativa reguladora de contratación das Administracións Públicas.
2. Para o outorgamento da concesión se esixirá a acreditación dos requisitos establecidos no párrafo anterior e darse de alta na Seguridade Social.
3. Só se concederá autorización para a instalación dun quiosco por cada unidade familiar. En calquera caso ningún poder ser titular de máis de un quiosco.

##### Artigo 13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PREFERENTE.-

1. Serán criterios de adxudicación preferente para o outorgamento da autorización para a instalación dun quiosco na vía pública os seguintes:

- a) Minusvalía en grado superior ó 33%, sempre e cando non inhabilite para o desempeño do traballo de xestionar o quiosco.

- b) *Situación de desempleo.*
- c) *Renda da unidade familiar igual ou inferior ó salario mínimo interprofesional.*
- d) *Maior número de membros da unidade familiar a cargo do solicitante. En todo caso esixirase un mínimo de 3.*
- e) *Estar empadroado no termo municipal de Vigo.*

*2. Nas bases da convocatoria do concurso público para a adxudicación de quioscos na vía pública establecerase o xeito de xustificar documentalmente a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas nos criterios de adxudicación preferente así como o baremo de puntuacións á outorgar a cada un deles.*

*3. A fixación de criterios de adxudicación preferente pola presente ordenanza non exclúe a posibilidade de que o órgano de contratación correspondente, en cada convocatoria para a adxudicación de quioscos na vía pública, poida introducir outros que estime máis convenientes.*

#### *Artigo 14.- PRAZO.-*

*As concesións outorgaránse por un prazo improrrogábel de 20 anos, contados dende a data de notificación do acordo de adxudicación.*

#### *Artigo 15.- AUTORIZACIÓN.-*

*Para a instalación de quioscos na vía pública será condición imprescindible estar en posesión da correspondente concesión administrativa, da que o orixinal ou fotocopia autenticada deberá exhibirse en lugar visíbel dende o exterior de cada quiosco.*

#### *Artigo 16.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.-*

*As condicións económicas que rexiran a concesión administrativa para a ocupación do dominio público fixaranse en cada caso no prego de condicións administrativas particulares, e podera ser gratuita, outorgarse con contraprestación ou condición, o suxeta a Taxa prevista na correspondente Ordenanza Fiscal reguladora o, no seu defecto, a prevista na normativa estatal.*

### *TÍTULO IV.*

#### *-TRANSMISIÓN DO DEREITO CONCESIONAL.-*

#### *Artigo 17.- SUPOSTOS DE TRANSMISIÓN.-*

*As concesións serán transmisíbeis nos casos e consonte as seguintes regras:*

- a) *Por falecemento do concesionario: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña recta, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 13.1 apartados a), b) e c) como criterios de adxudicación preferente. De resultarem dúas ou máis persoas beneficiarias, deberán comunicar ó Concello, no termo*

máximo de seis meses dende a data do falecemento do causante, cal delas o sucederá na titularidade da concesión. De non facerse a comunicación en prazo, declararase sen máis trámites a caducidade da autorización.

- b) *Por cumprimento da idade de xubilación: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña recta, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 13.1 apartados a), b) e c) como criterios de adxudicación preferente.*
- c) *Por incapacidade permanente do concesionario: igual regulación que a prevista no apartado b).*

#### *Artigo 18.- REQUISITOS ESIXÍBEIS PARA A TRANSMISION.-*

- 1. En todo caso, a transmisión pretendida dos dereitos concesionais deberá ser coñecida e aprobada previamente polo órgano concedente, quen terá dereito a percibir coma contraprestación á autorización da transmisión unha contía igual ó 20% do canón anual aplicábel naquel momento.*
- 2. El cesionario deberá reunir todas as condicións esixidas para poder concorrer á licitación e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar coas Administracións públicas.*
- 3. A transmisión quedará limitada, ó tempo que reste para rematar o prazo previsto no artigo 14.*

#### *Artigo 19.- PROCEDEMENTO.-*

*Para poder transmitir a concesión será preciso o cumprimento dos seguintes trámites:*

- a) *Comunicar a transmisión pretendida á Administración cunha antelación mínima de 1 mes á data en que pretenda facerse efectiva.*
- b) *O concesionario solicitará a autorización municipal, xustificando documentalmente a concorrencia dos requisitos esixidos no seu caso. Transcorrido o prazo de 3 meses sen que teña recaído resolución expresa, entenderase outorgada a mesma.*
- c) *No prazo de 1 mes dende o outorgamento da autorización, o cesionario deberá xustificar o aboamento da participación correspondente á Administración.*
- d) *No documento no que se formalice a transmisión deberá facerse constar expresamente que o cesionario coñece e acepta o prego de condicións que rexe a concesión. Deberá achegarse á Administración copia auténtica do mesmo.*

#### *Artigo 20.- EFECTIVIDADE DA TRANSMISIÓN.-*

*En todos os supostos de transmisión, é condición imprescindible para a súa efectividade a autorización municipal previa e o pagamento da participación correspondente á Administración municipal.*

### *TÍTULO V. - OBRIGAS E FACULTADES DO CONCESIONARIO.-*

**Artigo 21.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO:**

*Ademáis das obrigas reseñadas noutros artigos desta ordenanza, e das que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:*

- 1º) Exercer por si mesmo a actividade que constitúe o obxecto da concesión.*
- 2º) Non transmitir ou ceder a concesión, agás nos supostos regulamentados na presente ordenanza.*
- 3º) Instalar o quiosco con suxeición ó modelo, deseño, características, dimensións, materiais e emprazamento aprobado polo Concello en cada caso.*
- 4º) Manter as intalacións, mobiliario e elementos do establecemento en bo estado de conservación e funcionamento.*
- 5º) Prestar o servizo de xeito adecuado, dotándoo dos medios persoais e materiais necesarios para atender o público de forma correcta.*
- 6º) Cumprir as disposicións vixentes relativas á comercialización de diarios, revistas e publicacións periódicas, venda de lambetadas e productos semellantes.*
- 7º) Cumprir as obrigas de carácter laboral e de Seguridade Social respecto ó seu persoal, que dependerá exclusivamente do adxudicatario e non terá relación laboral, administrativa ou de ningunha outra clase co Concello.*
- 8º) Satisfacer o canon no prazo previsto.*
- 9º) Asumir os gastos de calquera clase derivados da instalación, explotación e funcionamento do quiosco.*
- 10º) Asumir integramente a responsabilidade de calquera orde derivada da existencia e utilización e funcionamento do quiosco, indemnizando a terceiros ou ó propio Concello dos danos e perdas ocasionados.*
- 11º) Cumprir en todo momento as ordes e indicacións dos servizos municipais competentes.*
- 12º) Reposición do dominio público ó seu estado orixinal ó finalizar o prazo da concesión.*
- 13º) Reversión das instalacións á Administración en bo estado de conservación ó rematar o prazo concesional ou no caso de resolución da concesión.*

**Artigo 22.- FACULTADES DO CONCESIONARIO:**

- 1. A ocupación do dominio público outorgado para a instalación do quiosco.*
- 2. A xestión e explotación do quiosco e dos espazos publicitarios, de conformidade co disposto no artigo 7.*

3. *A transmisión dos dereitos concesionais, nos supostos e condicións previstas.*
4. *Calquera outra que legal ou regulamentariamente le veña recoñecida.*

**TÍTULO VI .**  
**- RÉXIME SANCIONADOR.**

**Artigo 23.- INFRACCIÓNNS.-**

*1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto e regulamentado na Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.*

*2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.*

a) *Serán infraccións leves:*

- *A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
- *A falta de ornato ou limpeza das instalación e da zona de influencia.*
- *Calquera acción ou omisión das condicións da presente ordenanza que implique mera negligencia, sempre que non ocasione prexuízos económicos á administración municipal ou a terceiras persoas e non resulten tipificadas como graves ou moi graves nesta ordenanza.*
- *O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.*

b) *Serán infraccións graves:*

- *A reincidencia por dúas veces en faltas leves.*
- *Non cumprir as obrigas de seguridade das instalacións e os seus elementos.*
- *A colocación de mercadorías e o exercicio da actividade fóra do recinto da instalación.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
- *A instalación do quiosco en lugar distinto ó autorizado, ou nun prazo superior ó previsto no prego de condicións económico-administrativas correspondente.*
- *O retraso no pagamento do canon por prazo superior a tres meses dende a data de remate do período voluntario fixado na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento local de terreos do dominio público local coa instalación de quioscos.*



- *A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.*
- c) *Serán infraccións moi graves:*
- *A reiteración por dúas veces de faltas graves.*
  - *O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social previstas na presente ordenanza.*
  - *A exposición e venda de produtos non autorizados.*
  - *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
  - *O non pagamento do canon da concesión ou o retraso no mesmo en máis de seis meses da data límite para o seu aboamento.*
  - *As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non consten a autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
  - *Destinar o quiosco a actividades distintas das autorizadas.*
  - *O retraso en máis de tres meses do prazo fixado para a instalación do quiosco.*
  - *Ocupación de máis superficie da vía pública que a autorizada.*

*Artigo 24.- SANCIONES.-*

*1. As infraccións previstas na presente ordenanza serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*

- a) *Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.*
- b) *Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.*
- c) *Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1. 501 ata 3. 000 €.*

*2. A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*

*3. A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores deste artigo será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*

*5. As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:*

- a) *O grado de culpabilidade do infractor.*
- b) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- c) *A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
- d) *A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
- e) *A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

*Artigo 25.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIONES.-*

- 1. As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.*
- 2. As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local.*

*Artigo 26.- PRESCRIPCIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIONES.-*

- 1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses*
- 2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.*
- 3. O prazo de prescripción das infraccións comenzará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.*
- 4. O prazo de prescripción das sancións comenzará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

*TÍTULO VII.*

*- RESOLUCIÓN, EXTINCIÓN E REVERSIÓN.-*

*Artigo 27.- RESOLUCIÓN.-*

- 1. Serán causas que xustifiquen o correspondente acordo municipal declarando, con audiencia do interesado, a resolución do dereito concesional, as seguintes, sen prexuízo dos supostos tipificados como infracción moi grave por esta ordenanza:*

- a) *Ter pechado o quiosco durante máis de 30 días naturais consecutivos ou 40 alternos no prazo dun ano, a non ser que se acrediten razóns xustificadas e por escrito ante a Administración municipal.*
- b) *A contratación de persoal asalariado sen cumprir as condicións esixidas na lexislación laboral.*
- c) *O arrendamento, traspaso, ou calquera outra forma de cesión que conleve a transmisión da concesión sen axustarse ós supostos regulamentados na presente ordenanza ou sen cumprir as condicións nela reguladas.*
- d) *Non estar ó corrente nas súas obrigas fiscais ou de Seguridade Social.*
- e) *O incumprimento dos prazos de renovación dos quioscos previstos na disposición transitoria primeira.*
- f) *Por razóns de interese público que impliquen a imposibilidade de mantemento do quiosco na vía pública, previa indemnización, de ser o caso, e sempre que non proceda o seu traslado a outro emprazamento alternativo que lle oferte o Concello, na zona máis próxima posíbel ó emprazamento orixinal.*

*2. En calquera caso, a resolución, coa excepción do suposto previsto no apartado 1.f, non dará dereito a ningunha indemnización a favor do interesado.*

#### *Artigo 28.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.-*

*A concesión extinguirase nos seguintes supostos:*

- a) *Cumprimento do prazo polo que foi outorgado.*
- b) *O desistimento do concesionario, previa notificación ó Concello.*
- c) *O falecemento ou incapacidade do concesionario sen que acaeza a transmisión da concesión.*
- d) *Atoparse incurso o concesionario en algunha das prohibicións legais para contratar coas Administracións Públicas.*
- e) *A resolución da concesión acordada polo Concello.*

#### *Artigo 29.- REVERSIÓN:*

*Extinguida a concesión por calquera das causas previstas, a propiedade ou o uso do quiosco, segundos casos, e as súas instalacións fixas, reverteran ó Concello sen contraprestación de ningunha clase a prol do titular ou os seus sucesores, agás o suposto previsto no apartado 1.f do artigo 27.*

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAIS.-*

*PRIMEIRA.- 1. Os titulares de concesións ou autorizacións de quioscos vixentes á entrada en vigor de esta ordenanza, poderán optar por someterse ó réxime da mesma, en cuxo caso manterase o prazo concesional previsto na adxudicación, ou ben continuar sometido o réxime fixado no seu título.*

*2. No caso de optar polo sometemento a esta ordenanza haberá de comunicarse a esta Administración no prazo de 3 meses, contados a partires da entrada en vigor da mesma. Neste suposto deberá procederse a substituír o quiosco polo modelo que se aprobe pola Administración municipal, no prazo dun ano dende o seu requerimento.*

*SEGUNDA.- No suposto de concesións ou autorizacións de quioscos vixentes á entrada en vigor desta ordenanza nas que os titulares optasen por continuar sometidos ó réxime da concesión vixente até o fin da mesma, a Administración reservarase a facultade de proceder a substitución do quiosco polo modelo aprobado, sen coste ningún para o concesionario, en cuxo caso os dereitos de explotación dos espazos do mesmo reservados a publicidade corresponderán a esta Administración, sempre que non se alcance un acordo entre o titular e o Concello para a substitución.*

*TERCEIRA.- Os titulares de quioscos que dispoñan de autorización municipal en precario ou provisionalmente ou que se atopen tacitamente prorrogadas rexeránse pola presente ordenanza a partir da súa entrada en vigor, séndolles de aplicación o prazo fixado na disposición adicional primeira para a instalación do novo modelo de quiosco.*

#### *DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.-*

*PRIMEIRA.- Transcorrido o prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, resultarán automaticamente extinguidas as autorizacións municipais outorgadas en precario ou provisionalmente para a instalación de quioscos na vía pública, cuxos titulares non estean ó corrente no pagamento do canón, debendo procederse a retirar o quiosco e a reposición do dominio público ocupado ó seu estado orixinal, no prazo dun mes dende a notificación do requerimento efectuado por esta Administración.*

*SEGUNDA.- 1. Deberán regularizar a súa situación, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, as persoas que non tendo a condición de titulares da concesión ou autorización administrativa para a instalación do quiosco veñan rexentandoo cunha antigüidade de dous anos, e reúnan os seguintes requisitos:*

- Se trate de concesións ou autorizacións administrativas en precario, provisionais ou tacitamente prorrogadas.*
- Acrediten a autorización do titular ou a adquisición dos dereitos de explotación ou xestión do quiosco, mediante transmisión en negocio xurídico inter vivos o mortis causa.*
- Estar ó corrente no pagamento do canón correspondente*
- Acreditar a posesión dos requisitos de capacidade para ser adxudicatario dun quiosco previstos no artigo 12”*

*2. Una vez regularizada a situación do titular do quiosco, a autorización rexerese pola presente ordenanza.*

*DISPOSICIÓN FINAL.-*

*ÚNICA.- ENTRADA EN VIGOR.- De conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, a presente ordenanza entrará en vigor os seis meses da datas da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.*

**12(377).-PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. EXPTE. 17395/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 9.03.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a xefa de Réxime Interior e o interventor xeral, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *RDL 1/2000 de 16 xuño, do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAAPP).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*1.- Según informe da Concellería Delegada de Participación Cidadá de 21.07.2005, a Confederación Galega de Minusvalidos, solicitou autorización para a ocupación da vía pública municipal coa instalación de quioscos de prensa.*

*2º.- Na instrucción do expediente foron emitidos informes polos seguintes servicios:*

- *Servizo de Vías e Obras (21.07.2005)*
- *Servizo de Xestión e Planeamento da Xerencia (29.07.2005)*
- *Servizo de Montes, Parques e Xardíns (29.07.2005)*
- *Servizo de Patrimonio (Arquitecto 4.08.2005)*
- *Servizo de Benestar Social (17.11.2005)*

*3º.- Según resulta dos informes emitidos, e dacordo cos planos achegados o prego de concicións técnicas do Arquitecto de Patrimonio, as zoas previstas para o emprazamento dos quioscos serían:*

- *Na rúa Rosalia de Castro, esquina rúa Oporto, no marxen esquerdo.*
- *Na Avda. Garcia Barbon, próximo à Glorieta de Isaac Peral, marxen dereito.*

*4º.- Finalmente o 23/12/2005 polo Arquitecto de Patrimonio establece as condicións e características técnicas a que debería axustarse a instalación dos quioscos, así como os criterios de selección do modelo e documentación a achegar polo solicitante na fase de concurso para a súa adxudicación.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*PRIMEIRO.- No presente caso, á ocupación do dominio público municipal con obxecto da instalación de quioscos de prensa, constitúe un uso normal e privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxetase o réxime xurídico previsto no ordenamento para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.*

*SEGUNDO.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, será en réxime de concurrencia en procedemento aberto mediante concurso público, de acordo co disposto no art.93.1 da LPAP que dispón que o “Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concurrencia...”, e toda vez que do informe emitido polo Servizo de Benestar Social en data 17.11.2005, desprendese a non concurrencia no presente caso de circunstancias excepcionais que xustificaran debidamente a posibilidade de excepción a dito procedemento.*

*TERCEIRO.- De acordo co disposto na normativa de aplicación, elaborouse pola Xefatura de Patrimonio o correspondente prego de condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para a ocupación privativa do dominio público municipal, contendo no seu clausulado as condicións e requisitos técnicos e xurídicos requiridos regulamentariamente, dentro dos que cabe salientar o do prazo polo que se outorga o título (5 anos prorrogable anualmente a un máximo de cinco), o canon concesional a aboar, as condicións técnicas das obras e instalacións dentro das que se fixa a necesidade de que dispoña de servizos hixiénicos, ou a posibilidade de adicar un espazo a publicidade..*

*CUARTO.- Resulta competente para a aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexera a concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de Quioscos, a Xunta de Goberno Local e de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, así como para a súa adxudicación.*

*Por tódolo anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- “Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexera a concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de Quioscos na vía pública”.*

*2º.- “Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o presente prego de cláusulas administrativas e técnicas aprobado.”*

Con data 24.02.06 emítese informe xurídico favorable.

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerá a concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de Quioscos na vía pública, que de seguido se transcribe.

2º.- Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o presente prego de cláusulas administrativas e técnicas aprobado.

*PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO, MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS*

*CLÁUSULA I.- OBXECTO.*

1.- *O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para o uso privativo de terreos de dominio público, mediante a instalación de dous quioscos na vía pública, con destiño á venda de prensa, revistas, refrescos e lambetadas.*

2.- *A zona de emprazamento dos quioscos serán as seguintes:*

- *Na rúa Rosalía de Castro, esquina coa rúa Oporto, marxe esquerda.*
- *Na Avda. de García Barbón, próximo a Glorieta de Isaac Peral, marxe dereita.*

3.- *Pola Concellería de Seguridade e Tráfico fixarase na zona de emprazamento, no seu momento, ó lugar exacto onde situarase polo concesionario o quiosco.*

*CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN.*

*A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do solo do dominio público de titularidade municipal mediante a instalación de quioscos.*

*CLÁUSULA III.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN:*

*As concesións outorgaranse en regimen de libre concurrencia, mediante procedemento aberto por concurso público, dacordo co disposto na Lei reguladora do Patrimonio das Administracións Públicas.*

*CLAUSULA IV: CRITERIOS QUE SERVIRÁN DE BASE Á LICITACIÓN.*

1. *Os criterios obxetivos polos que se levará a cabo a presente concesión baséanse en razóns de tipo social e de servizo público en xeral.*
2. *Fixanse como criterios de adxudicación para o outorgamento da autorización para a instalación dos quioscos na vía pública os seguintes, e coas puntuacións indicadas:*

- a) Minusvalía en grado superior ó 33%, sempre e cando non inhabilite para o desempeño do traballo de xestionar o quiosco: 6 puntos.
- b) Situación de desemprego: 3 puntos e 0,5 máis por cada ano en paro, ata un total de 6 puntos.
- c) Renda da unidade familiar:
  - Se é inferior ou igual ó salario mínimo interprofesional: 4 puntos.
  - Se é superior ó salario mínimo e non exceda este en 1,5 veces: 3 puntos.
- d) Maior número de membros da unidade familiar a cargo do solicitante. En todo caso esixirase un mínimo de 3: 3 puntos e 0,5 máis por cada membro que pase de 3, ata un total de 6 puntos.
- e) Pola calidade dos elementos constructivos da instalación: Ata 3 puntos.
- f) Polo grado de estética a nivel de mobiliario urbano e integración no entorno: Ata 3 puntos.
- g) Por dispoñer de servizos hixiénicos adaptados parcial ou totalmente a minusvalías físicas: ata 3 puntos.
- h) Melloras funcionais na instalación que repercutan nos usuarios (voos exteriores, parasois, etc.): Ata 3 puntos

3.- No suposto que o licitador sexa unha persoa xurídica, os criterios a) a d) valoraranse unicamente en relación a unha soa persoa por quiosco, sempre que esta figure na oferta como destinatario para a xestión e explotación do quiosco, e resulte acreditada debidamente a súa identidade.

#### CLÁUSULA V.- REQUISITOS DE CAPACIDADE DOS ADXUDICATARIOS DOS QUIOSCOS

1. Poderán optar ó concurso para a concesións administrativas que se regulan neste prego, todas as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, e non se atopen incursas en ningunha causa de prohibición para contratar coa Administración Pública de conformidade coa normativa reguladora de contratación das Administracións Públicas.
2. Para o outorgamento da concesión se esixirá a acreditación dos requisitos establecidos no párrafo anterior e darse de alta na Seguridade Social.

#### CLÁUSULA VI.-CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DA INSTALACIÓN.

1. Os licitadores presentarán un proxecto de modelo de quiosco cos documentos arquitectónicos que definan pormenorizadamente a instalación.
2. A proposta da instalación asustarase as seguintes características:
  - O quiosco deberá de dispoñer de servizo hixiénico co destino ó uso público.
  - A superficie total ocupada pola instalación estará comprendida entre 9 e 12 m<sup>2</sup>., non contemplándose a ampliación en voo dos peches exteriores trala súa apertura.
  - As súas dimensións lineais vendrán definidas nos documentos gráficos.
  - Como concepto tipo de implantación predominará súa adaptación paisaxística o entorno.



- Os materiais a empregar deberan ser de primeira calidade dada a súa situación á intemperie.
- Os elementos anunciadores da instalación, como no seu caso do espazo destinado a publicidade, deberan quedar perfectamente definidos e detallados na proposta gráfica.
- As prantas e fachadas deberanse presentar nas situacións de apertura e peche do quiosco.
- A estimación económica da obra a realizar, considerase que oscilara o redor dos 28.000 euros.

#### CLÁUSULA VII.- OBRAS E INSTALACIÓNS.

1. O concesionario deberá instalar o quiosco ó seu cargo no emprazamento exacto que o Concello determine, e con suxeición ó modelo, características, materiais e dimensións que a Corporación municipal aprobe con carácter preceptivo.
2. O prazo para a instalación e posta en servizo do quiosco será de 3 meses dende a data do inicio do prazo da concesión.
3. O concesionario deberá realizar en todo momento ó seu cargo as obras de reforma, reparación, limpeza e conservación e mantemento en xeral, para ter o quiosco, os servizos hixiénicos, e a súa área de influencia en perfecto estado de conservación e uso.
4. O Concello resérvase a facultade de variar o emprazamento das instalacións, con carácter temporal ou definitivo, se así o esixisen as necesidades de utilización do dominio público. Neste caso, o concesionario levantará ás súas expensas a instalación do seu emprazamento orixinal e efectuará a nova instalación no emprazamento fixado por aquela, dentro do prazo dos 15 días seguintes ó requerimento feito pola administración municipal. De non cumprir o concesionario o requerimento no prazo sinalado, a Administración municipal levantará de oficio a instalación con cargo ó concesionario.

#### CLÁUSULA VIII.- PUBLICIDADE.

1. Poderase exhibir publicidade no quiosco, nos espazos destinados a dito fin.
2. O Concello reservarase un tercio do espazo destinado a publicidade, que se adicará a información municipal.
3. A publicidade estará suxeita á tributación que resulte en cada momento da normativa aplicábel.

#### CLÁUSULA XIX.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

1. A concesión outórgase por un prazo de cinco anos, con prórrogas automáticas dun ano cada un ata un máximo de cinco, salvo denuncia expresa de calquera das partes, comunicada con una antelación mínima de tres meses á finalización do prazo inicial ou o da prórroga en curso.
2. O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.

#### CLÁUSULA X.- GARANTÍAS.

1. *A garantía provisoria fisaxe en 560.00 euros. Devolverase os que non resultaren adxudicatarios unha vez se leve a cabo a adxudicación definitiva e ó adxudicatario ó constituirse a garantía definitiva.*
2. *A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do presuposto de obra da instalación do quiosco, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación da concesión administrativa.*

#### *CLÁUSULA XI.- CESIÓN DO DEREITO DA CONCESIÓN.*

##### *SUPOSTOS DE TRANSMISIÓN*

*As concesións serán transmisíbeis nos casos e consonte as seguintes regras:*

##### *1.- Se o concesionario e unha persoa xurídica:*

- *Autorizarase a transmisión unicamente á persoa a favor da que a concesionaria tivese outorgada, nese intre, a xestión e explotación do quiosco.*
- *Non considerárase transmisión dos dereitos da concesión, a cesión da xestión e explotación do quiosco a favor da persoa sinalada como destinataria do mesmo na oferta presentada na licitación. As posteriores cesións na xestión e explotación do quiosco que faga a concesionaria, seralle de aplicación e rexiranse, polo disposto no apartado segundo seguinte da presente cláusula, debendose entender referido o cesionario o previsto para ó concesionario en dito apartado, e requeríndose para a súa validez e eficacia, a comunicación ó Concello, nun prazo de 15 días dende a data da cesión, da identidade da nova cesionaria, e a acreditación documental da concurrencia dos requisitos exisidos en cada suposto, debendo achegar asimesmo copia do documento de cesión asinado.*

##### *2.- Se o concesionario e unha persoa física:*

- a) *Por falecemento do concesionario: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña recta, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas na cláusula IV apartados a), b) e c) como criterios de adxudicación preferente. De resultarem dúas ou máis persoas beneficiarias, deberán comunicar ó Concello, no termo máximo de seis meses dende a data do falecemento do causante, cal delas o sucederá na titularidade da concesión. De non facerse a comunicación en prazo, declararase sen máis trámites a caducidade da autorización.*
- b) *Por cumprimento da idade de xubilación: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña recta, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas na cláusula IV apartados a), b), e c) como criterios de adxudicación preferente.*
- c) *Por incapacidade permanente do concesionario: igual regulación que a prevista no apartado b).*

- d) *Transcorridos tres anos dende a data de inicio da explotación do quiosco, poderá transmitirse a favor de calquera persoa que reúna alomenos dúas das circunstancias previstas nos criterios de adxudicación preferente na cláusula IV apartados a),b), e c).*

#### *REQUISITOS ESIXÍBEIS PARA A TRANSMISION*

1. *En todo caso, a transmisión pretendida dos dereitos concesionais deberá ser coñecida e aprobada previamente polo órgano concedente, quen terá dereito a percibir coma contraprestación á autorización da transmisión unha contía igual ó 20% do canón anual aplicábel naquel momento.*
2. *El cesionario deberá reunir todas as condicións esixidas para poder concorrer á licitación e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar coas Administracións públicas.*
3. *A transmisión quedará limitada, ó tempo que reste para rematar o prazo previsto na cláusula XIX.*

#### *PROCEDEMENTO*

*Para poder transmitir a concesión será preciso o cumprimento dos seguintes trámites:*

- a) *Comunicar a transmisión pretendida á Administración cunha antelación mínima de 1 mes á data en que pretenda facerse efectiva.*
- b) *concesionario solicitará a autorización municipal, xustificando documentalmente a concorrencia dos requisitos esixidos no seu caso. Transcorrido o prazo de 3 meses sen que teña recaído resolución expresa, entenderase outorgada a mesma.*
- c) *No prazo de 1 mes dende o outorgamento da autorización, o cesionario deberá xustificar o aboamento da participación correspondente á Administración.*
- d) *No documento no que se formalice a transmisión deberá facerse constar expresamente que o cesionario coñece e acepta o prego de condicións que rexe a concesión. Deberá achegarse á Administración copia auténtica do mesmo.*
- e) *A cesión dos dereitos da concesión obriga a que o cesionario constitúa fianza definitiva en substitución da depositada polo concesionario cedente.*

#### *EFFECTIVIDADE DA TRANSMISIÓN*

*En todos os supostos de transmisión, é condición imprescindible para a súa efectividade a autorización municipal previa e o pagamento da participación correspondente á Administración municipal.*

*A transmisión da concesión será total, producíndose a subrogación do cesionario na totalidade dos dereitos e obrigas do cedente.*

*CLÁUSULA XII.- CANON DA CONCESIÓN.*

*O concesionario aboará a taxa que corresponda, dacordo co previsto na Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polo aproveitamento especial de terreos de dominio público local coa instalación de Quioscos.*

#### *CLÁUSULA XIII- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.*

*O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do proxecto de obras e prego de condicións, dos gastos rexistras, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subsequente.*

#### *CLÁUSULA XIV- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.*

*Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, expoñerase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.*

#### *CLÁUSULA XV.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.*

*A). Ademáis das obrigas que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicábel, serán obrigas do concesionario as seguintes:*

- 1) Exercer por si mesmo a actividade que constitúe o obxecto da concesión.*
- 2) Non traspasar ou ceder a titularidade do negocio, agás nos supostos previstos no presente prego.*
- 3) Instalar o quiosco con suxeición ó modelo, deseño, características, dimensións, materiais e emprazamento aprobado polo Concello en cada caso.*
- 4) Aceptar e asumir o coste do traslado do quiosco a unha ubicación próxima, por razóns de interese público.*
- 5) Manter as intalacións, mobiliario e elementos do establecemento en bo estado de conservación e funcionamento.*
- 6) Prestar o servizo de xeito adecuado, dotándoo dos medios persoais e materiais necesarios para atender o público de forma correcta.*
- 7) Cumprir as disposicións vixentes relativas á comercialización de diarios, revistas e publicacións periódicas, venda de lambetadas e produtos semellantes. Quedará prohibida a venda de bebidas alcohólicas e tabaco no mesmo.*
- 8) Cumprir as obrigas de carácter laboral e de Seguridade Social respecto ó seu persoal, que dependerá exclusivamente do adxudicatario e non terá relación laboral, administrativa ou de ningunha outra clase co Concello.*

- 9) *Satisfacer o canon no prazo previsto.*
- 10) *Asumir os gastos de calquera clase derivados da explotación e funcionamento do negocio.*
- 11) *Asumir integramente a responsabilidade de calquera orde, derivada da existencia e utilización e funcionamento do quiosco, indemnizando a terceiros ou ó propio Concello dos danos e perdas ocasionados.*
- 12) *Cumprir en todo momento as ordes e indicacións dos servizos municipais competentes.*
- 13) *Reposición do dominio público ó seu estado orixinal ó finalizar o prazo da concesión.*
- 14) *Reversión das instalacións á Administración en bo estado de conservación ó rematar o prazo concesional ou no caso de resolución da concesión.*

*B). Son facultades do concesionario:*

5. *A ocupación do dominio público outorgado para a instalación do quiosco.*
6. *A xestión e explotación do quiosco e dos espazos publicitarios.*
7. *Calquera outro legal ou regulamentariamente recoñecido ou que figuren con tal carácter no presente prego de cláusulas.*

*CLÁUSULA XVI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.*

- 1) *Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para a instalación do quiosco e utilización do dominio público obxecto da concesión.*
- 2) *Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique. A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación do quiosco e dos terreos concedidos e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinala. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionárase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado, sancionárase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederase a instruír expediente de caducidade da concesión.*
- 3) *O dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público, con indemnización o seu titular polo prexuízo material que se le orixine, excepto cando o rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuízos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*
- 4) *Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.*

*CLÁUSULA XVII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.*

## A. INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

### d) *Infraccións leves:*

- *A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
- *A falta de ornato ou limpeza das instalación, servicios hixiénicos, e da zona de influencia.*
- *Calquera acción ou omisión das condicións da presente ordenanza que implique mera negligencia, sempre que non ocasione prexuízos económicos á administración municipal ou a terceiras persoas e non resulten tipificadas como graves ou moi graves nesta ordenanza.*
- *O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.*

### e) *Infraccións graves:*

- *A reincidencia por dúas veces en faltas leves.*
- *Non cumprir as obrigas de seguridade das instalacións e os seus elementos.*
- *A colocación de mercadorías e o exercicio da actividade fóra do recinto da instalación.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
- *A instalación do quiosco en lugar distinto ó autorizado, ou nun prazo superior ó previsto no prego de condicións económico-administrativas correspondente.*
- *O retraso no pagamento do canon por prazo superior a tres meses dende a data de remate do período voluntario fixado na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento local de terreos do dominio público local coa instalación de quioscos.*
- *A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.*

### f) *Infraccións moi graves:*

- *A reiteración por dúas veces de faltas graves.*
- *O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social.*
- *A exposición e venda de produtos non autorizados.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*

- *O non pagamento do canon da concesión ou o retraso no mesmo en máis de seis meses da data límite para o seu aboamento.*
- *As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non consten a autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
- *Destinar o quiosco a actividades distintas das autorizadas.*
- *O retraso en máis de tres meses do prazo fixado para a instalación do quiosco.*
- *Ocupación de máis superficie da vía pública que a autorizada.*

## B. SANCIONES

1. *As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas,previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*
  - a) *Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.*
  - b) *Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.*
  - c) *Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1. 501 ata 3. 000 €.*
2. *A contía das sancións económicas entenderanse automaticamente revisadas simultaneamente co canón en cada período en que este experimente alteración.*
3. *A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*
4. *A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatíbel coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondene á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*
5. *As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:*
  - a) *O grado de culpabilidade do infractor.*
  - b) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
  - c) *A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
  - d) *A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
  - e) *A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

### C. PROCEDEMENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Reximen Xuridico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

#### I.- ÓRGANO COMPETENTE PARA IMPOSICIÓN DAS SANCIÓN.S.-

1. As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.
2. As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local nos supostos en que proceda a resolución da concesión, e pola Alcaldía cando a sanción a impoñer sexa de natureza pecunaria.

#### II.-PRAZO DE PRESCRIPCIÓN DAS INFRACCIÓN.S E SANCIÓN.S.-

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses
2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.
3. O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se acometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.
4. O prazo de prescripción das sancións comenará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

#### III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

#### CLÁUSULA XVIII.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Seran causa de resolución da concesión, sen prexuício das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- a) O incumplimento das condicións e procedemento previsto no presente prego para a cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do quiosco.
- b) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais sen autorización previa da Administración Municipal.



- c) *Destinar os terreos de dominio público concedidos, ou as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados neste prego.*
- d) *O incumprimento reiterado as ordes ou instruccións dictadas pola Administración, referente a conservación e mantemento das instalacións ou dominio público.*
- e) *A invasión do dominio público non outorgado na concesión ou o aumento de superficie ou volume construído respecto do proxecto que se aprobe, ou a ocupación do espazo de publicidade destiñado o Concello.*

#### *CLÁUSULA XIX.- RESCATE.*

*O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen.*

#### *CLÁUSULA XX.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.*

*A concesión extinguirase:*

- a) *Polo transcurso do prazo concesional.*
- b) *Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.*

#### *CLÁUSULA XXI.- REVERSIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.*

1. *Ó vencemento do prazo da concesión cesará o uso privativo do dominio público e o quiosco quedará de propiedade do Concello, de forma gratuita, libre de cargas e gravámenes e en condicións de perfecto uso.*
2. *Da recepción pola Corporación Municipal dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñárase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose os deterioros que presenten. Se existen deterioros, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.*
3. *Estabélcese como prazo máximo para o desaloxamento do dominio público a que se refire nos precedentes apartados, o de quince días hábiles desde a data de vencemento da concesión.*

#### *CLÁUSULA XXII.- PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS*

*As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do concello de Vigo, de 9 a 13 horas, ou por correo na forma legalmente determinada, dentro do prazo dos quince días naturais seguintes á inserción do último anuncio de licitación a publicar no DOG e BOP.*

### CLAUSULA XXIII.:PROPOSICIONS E MODELO

As propostas presentaranse en dous sobres pechados, e deberán ser lacrados e precintados e levarán inscritos no anverso os seguintes datos:

“Proposición para participar no concurso para a ocupación do dominio público mediante a instalación de quioscos na via pública do concello de Vigo”.

Nome do solicitante,

Dirección, teléfono e fax.

Lugar, data e sinatura do licitador.

Sobre 1, titulado “Documentación administrativa”, conterá a seguinte:

- a) Documento nacional de identidade da persoa asinante da proposición.
- b) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil ou, no seu caso, no Rexistro Xeral de Asociacións o no municipal.
- c) Escritura de poder se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastanteada polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado da Corporación, con anterioridade á data de fin de prazo de presentación de proposicións.
- d) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido:
  - 1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
  - 2.- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.
  - 3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
  - 4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social co alcance previsto nos artigos 14,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
  - 5.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.

Das circunstancias previstas non números 2,3,4 e 5 deste apartado terá que presentar-lo licitador que vaia resultar adxudicatario as xustificacións acreditativas de tales requisitos, no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes á aquel no que se lle notifique .

- e) Acredita-la solvencia económica e financeira en calquera das formas prevista no artigo 16 do Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño.
- f) Documentos que acrediten a solvencia técnica en calquera das formas previstas no artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño. Os documentos acreditativos da solvencia técnica terán que se presentar sempre no sobre 1 aínda que documentos similares foran esixidos no sobre 2.
- g) Nº de fax, teléfono e dirección a efectos de notificacións.
- h) Xustificante de ter depositada na Tesourería Municipal a garantía provisoria.

Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aporta-la seguinte:

- a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.
- b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme a lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presenta-los seguintes documentos:
- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
  - Informe da representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- c) Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución dos contratos.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Especialidades en relación coas unions temporais de empresarios.

- 1.- Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acredita-la súa capacidade de obrar e solvencia, conforme ós apartados anteriores, acumulándose a efectos de determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas por cada un dos integrantes das mesmas.
- 2.- Será necesario presenta-lo documento acreditativo do nomeamento dun representante ou apoderado único con bastantes facultades para exercer-los dereitos e cumprir-las obrigas derivadas do contrato. Así mesmo será necesario que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que constitúen a unión, a participación de cada un deles e o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios.
- 3.- Só no caso de resultar adxudicataria a unión, deberá de acredita-la súa constitución en escritura pública. Sen embargo, esto, deberán aporta ó acto de licitación o proxecto de estatutos polo que se deberá de rexe-la UTE.

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou polo Secretario Xeral do Concello ou funcionario habilitado ó efecto, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

Sobre 2, titulado “Documentación técnica”, conterá a seguinte:

- a) Proxecto de modelo de quiosco cos documentos arquitectónicos que definan pormenorizadamente a instalación. Descrición dos elementos e materiais empregados.
- b) Emprazamento o que optase polo licitador
- c) Delimitación dos paños do quiosco adicados a publicidade e a súa parte reservada o Concello.
- d) Calquera outra documentación esixida no presente prego ou que o licitador estime conveniente e teña relación directa co obxecto do contrato.

e) *De concursar unha Persoa Xurídica:*

- *DNI da persoa destinataria da xestión e explotación do quiosco.*
- *Declaración responsable da persoa destinataria nos seguintes termos:*

*“D. ...., con DNI nº ....., en nome propio, enterado do concurso convocado polo Concello de Vigo para a adxudicación da concesión de ocupación do dominio público mediante a instalación de quioscos, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº ....., de data ....., autorizo expresamente, pola presente, a entidade ..... con NIF ....., para que poida utilizar e achegar ante esa Administración, xunto a demais documentación que presente coa súa proposta ó concurso convocado, os meus datos personais e documentación correspondente para a acreditación dos criterios de valoración establecidos no prego de condicións que o rixe.*

*Lugar, data e sinatura do declarante.*

f) *Proposta consonte ó seguinte modelo:*

*D. ...., con DNI nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), enterado do concurso convocado polo Concello de Vigo para a adxudicación da concesión de ocupación do dominio público mediante a instalación de quioscos, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº ....., de data ....., solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:*

- 1.- Que acepta íntegramente os pregos de cláusulas administrativas e técnicas particulares.*
- 2.- Que solicita a concesión administrativa para a instalación de un quiosco en.....(sinalarase a ubicación ou ubicacións as que opta).*
- 3.- (Soo persoas xurídicas) Que propoñe a D. ....,con DNI nº....., para a xestión e explotación do Quiosco o que opta na rua....., e a D. ....,con DNI nº....., para a xestión e explotación do Quiosco na rua.....*

*Lugar, data e sinatura do licitador.*

#### **CLÁUSULA XXIV.: APERTURA DE PLICAS**

*A apertura de proposicións presentadas terá lugar ás once horas, trinta minutos do primeiro luns seguinte o día no que remate o prazo de presentación de proposicións, na Casa do Concello e ante a Mesa de Contratación do concello de Vigo. Se coincidise en día non hábil o de apertura de proposicións, ou se por causas de forza maior non puidera realizarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.*

*A Mesa calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma no sobre 1. Se observase defectos materiais na documentación presentada poderá conceder un prazo non superior ós tres días para que o licitador os subsane. Neste caso fixarase outra nova data para a apertura do sobres 2 , unha vez transcorrido o prazo outorgado para a subsanación de erros. Se a documentación fora correcta ou os erros non foran considerados materiais procederase á apertura do segundo sobre das ofertas admitidas.*

#### **CLÁUSULA XXV. ADXUDICACION DO CONCURSO**

*Corresponderá a adxudicación definitiva a Xunta de Goberno Local e, a tal fin, resolverá en orde á proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios e baremo de puntuación previstos no presente prego con facultade de declarar deserto o concurso, sen que por iso os concursantes poidan efectuar reclamacións de clase ningunha.*

#### **CLÁUSULA XXVI: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

*O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.*

*Se o licitador que resultara adxudicatario presentara á licitación acreditación do Imposto de Actividades Económicas que non lle facultara para o exercicio da actividade na cidade de Vigo, terá que acreditar ter cumprido este requisito antes da sinatura do contrato.*

*No caso de resultar adxudicatario do contrato unha UTE, deberá estar constituída previamente á sinatura do contrato.*

#### **CLÁUSULA XXVII.: GASTOS**

*O adxudicatario estará obrigado a pagar tódolos gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, e os de adxudicación.*

*Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven o contrato.*

*O importe máximo dos anuncios de licitación é de 750 euros.*

#### **CLÁUSULA XXVIII- TRIBUNALS COMPETENTES.**

*A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xordan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.*

#### **CLÁUSULA XXIX- RÉXIME XURÍDICO.**

*No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.*

### **13(378).- APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DO TRAMO URBANO DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO” (AVDA. AEROPORTO N-556 E PRIMEIRO CINTO). EXPTE. 4674/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 7.04.06, conformado polo concelleiro de Infraestructuras, que di o seguinte:

O proxecto de "OBRAS DE MELLORA DO TRAMO URBANO DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (Avda. do Aeroporto N-556 e Primeiro Cinturón), foi redactado pola Inxeñería Plans Estratéxicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Santiago López Fontán, en marzo de 2006

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a mellora do tramo urbano da rede de estradas do estado no término municipal de Vigo (Avenida do Aeroporto N-556 e Primeiro Cinturón, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 2.880.651,00 € (DOUS MILLONS OITOCENTOS OITENTA MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de " OBRAS DE MELLORA DO TRAMO URBANO DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (Avenida do Aeroporto N-556 e Primeiro Cinturón), cun orzamento base de licitación de 2.880.651,00 € ((DOUS MILLONS OITOCENTOS OITENTA MIL SEISCENTOS CINCUENTA E UN EUROS).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(379).-SEPARATA Nº 1 DO PROXECTO DE SANEAMENTO DAS PARROQUIÁS DE BEMBRIVE, SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, CORUXO E SAIÁNS. EXPTE. 48777/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 12.04.06, conformado polo concelleiro delegado do Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar tecnicamente a Separata nº 1 do Proxecto de Saneamento das Parroquias de Bembrive, San Andrés de Comesaña, Coruxo e Saiáns, cun presuposto base de licitación, IVE excluído de 584.432,96 € e unha valoración de expropiacións por 91,136,50 €.

#### **15(380).-SEPARATA Nº 2 DO PROXECTO DE SANEAMENTO DAS PARROQUIÁS DE BEMBRIVE, SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, CORUXO E SAIÁNS. EXPTE. 48778/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 12.04.06, conformado polo concelleiro delegado do Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar técnicamente a Separata nº 2 do Proxecto de Saneamento das Parroquias de Bembrive, San Andrés de Comesaña, Coruxo e Saiáns, que contempla as obras de saneamento e abastecemento de auga do Pavillón Polideportivo de Bembrive.

NESTE INTRE INCORPORASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. COMESAÑA ABALDE.

**16(381).- CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA AO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS PARA O SEGUIMENTO E CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DO PROXECTO DE SANEAMENTO DA PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE. 48156/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.03.06 e de acordo co informe-proposta do 17.02.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro técnico municipal, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de “control de calidade e seguimento das obras do proxecto de saneamento da parroquia de Zamáns ” elaborado polo Servicio de Vías e Obras.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da asistencia técnica para o Servicio de Vías e Obras cara o “control de calidade e seguimento das obras do proxecto de saneamento da parroquia de Zamáns”.

3º.- Autorizar o gasto de 23.222,04 euros para a contratación da asistencia técnica para o control e seguimento das obras a executar polas brigadas dos plans de emprego municipais con cargo á partida 441.0.601.00.06 do presuposto 2006 prorrogado do 2005.

4º.- Iniciar o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, solicitando como mínimo tres ofertas .

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.